

guía de intervención pedagógica

Cousas do Kulechov



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Cousas do Kulechov*: **P4**
 - Educación Primaria
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *Cousas do Kulechov* **P6**


- 3.** Sobre a obra *Cousas do Kulechov* **P7**

- 4.** Ficha técnica e palmarés *Cousas do Kulechov* **P9**

- 5.** Actividades: **P10**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes **P10**
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P14**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal



COUSAS DO KULECHOV

Unha "curta" de Susana Rey

UN EXÉRCITO EXTRANXEIRO ATACA AS COSTAS GALEGAS!

Cousas do kulechov" é unha "curta" experimental na que, baixo a inspiradora luz de L. V. Kulechov, tentamos por a proba a plasticidade da MONTAXE para chegar a unha reflexión en torno a fragilidade e á veracidade do que vemos e escoitamos. Nun percorrido pola paisaxe, os costumes, e a actualidade galega, presentamos un suposto conflito bélico onde un exército invasor ataca as costas galegas. Así, construímos un "falso documental" no que a flota de guerra son as bateas ordenadas sobre a ría, o asalto ás praias: as mariscadoras entrando no mar, as bombas: os petardos e foguetes das festas, etc. A alquimia da MONTAXE cinematográfica nos revela a trampa da mais cruel e inxustificada das montaxes: A GUERRA.

guión, dirección, produción e montaxe: SUSANA REY, dirección de fotografía: XURXO ESTÉVEZ, dirección de arte: SUSANA REY, narrador en galego / inglés: ANXO QUINTELA / GRAHAM STANDING, montaxe e son: OTO SVCS, DE AUDIO, deseño da cabeceira: MANUEL LAREO, cámara aérea: TATIANA GONZÁLEZ, EDAL e SUSANA REY, auxiliar de produción: XURXO ESTÉVEZ, auxiliar de montaxe: CARLO ERNANDEZ, asesor lingüístico: EDUARDO SANCHES, tradución ao inglés: ANA Mª WATSON

usanareicrespo@yahoo.es. telf. 659504736. C/Sta. Teresa 10 pta.1. 46001-Valencia. R/ Cobian Areal 8-1b. 36002-Pontevedra

Nº ASENTO REXISTRAL 03/2006/1529

materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Cousas de Kulechov*

1.

Apta para todos os públicos.
Recomendada para maiores de 11 anos.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN PRIMARIA [A partir do 10 anos]	
<input type="checkbox"/> Ciencias Sociais	<input type="checkbox"/> Educación Artística
<input type="checkbox"/> Valores Sociais e Cívicos	<input type="checkbox"/> Lingua e Literatura

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<input type="checkbox"/> Lingua e Literatura	<input type="checkbox"/> Lingua e Literatura
<input type="checkbox"/> Xeografía e Historia	<input type="checkbox"/> Xeografía e Historia
<input type="checkbox"/> Valores Éticos	<input type="checkbox"/> Valores Éticos
<input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual	<input type="checkbox"/> Filosofía
<input type="checkbox"/> Investigación e Tratamento da Información [materia de libre configuración autonómica]	<input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e a Comunicación
	<input type="checkbox"/> Educación Plástica, Visual e Audiovisual

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura <input type="checkbox"/> Historia do Mundo Contemporáneo 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte I <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual I <input type="checkbox"/> Historia do Mundo Contemporáneo
MATERIAS ESPECÍFICAS Tecnoloxías da Información e a Comunicación		

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Historia de España <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Historia de España <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura <input type="checkbox"/> Historia da Arte <input type="checkbox"/> Historia da Filosofía 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Historia de España <input type="checkbox"/> Lingua e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte II <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual II
MATERIAS ESPECÍFICAS Historia da Filosofía Imaxe e Son Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica Tecnoloxías da Información e a Comunicación		

temas e valores na obra *Cousas de Kulechov*

2.

TEMAS

A guerra

Galicia: paisaxe, costumes e actualidade

Montaxe cinematográfica

A manipulación da realidade

A manipulación mediática

A fragilidade e veracidade da información que recibimos

A elasticidade da montaxe e dos medios de comunicación

Falso documental

VALORES

Intelectuais:

Atención

Observación

Criterio

Comprensión

Racionalidade

Xuízo

Individuais e liberadores:

Capacidade crítica

Análise crítica

Artísticos

Estéticos

Cinematográficos

sobre a obra *Cousas de Kulechov*

3.

Cousas do Kulechov é unha curtametraxe experimental na que, baixo a inspiradora luz de L. V. Kulechov, tentamos por a proba a elasticidade da montaxe para chegar a unha reflexión en torno a fragilidade e a veracidade do que vemos e escoitamos.



ficha técnica e palmarés **4.** acadado *Cousas de Kulechov*

FICHA TÉCNICA

Guión e dirección: Susana Rey

Producción artística e executiva: Susana Rey

Dirección de fotografía: Xurxo Estévez e Susana Rey

Narración en galego: Anxo Quintela.

Narración en inglés: Graham Standing

Montaxe de imaxe: Susana Rey

Montaxe de son: Oto Servicios de Audio

Deseño de son: Susana Rey

Deseño de cabeceira: Manuel Lareo

Auxiliar de montaxe: Carlos Fernández

Auxiliar de produción: Xurxo Estévez

Cámara aérea: Tatiana Medal e Susana Rey

Tradución: Ana Watson

Asesoría lingüística: Eduardo Sanches

Coa colaboración do Arquivo de Imaxe da Televisión de Galicia [CTVG]

PALMARÉS

- Premio Mestre Mateo Mellor Obra Experimental ou Interactiva Academia Galega do Audiovisual 2008.
- Premio Mellor Curta Experimental Riviera Maya *Underground Film Festival* [RMUF]. México 2008.
- Mellor Curta Galega Curtocircuito 2007.
- Mención de Honra XXXIV Xornada Internacional de Cinema da Bahía. Brasil 2007.
- Segundo Premio Mellor Curta Documental Festival Internacional *Curt Doc* Vidreres. Girona 2008.
- Premio do Público ON & OF Festival Creativo de Curtas de Ribadeo 2007.
- Premio Galicia Mellor Curtametraxe Galega en Lingua Galega XXXV Certame Audiovisual Internacional Liceo Casino de Vilagarcía de Arousa 2007.

actividades

5.

preguntas e respostas para docentes

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Introdución para o alumnado: a obra que acabamos de ver pon a proba a elasticidade da montaxe para chegar a unha reflexión arredor da fragilidade e a veracidade do que vemos e escoitamos. Tendo isto en conta, imos a expresar as nosas opinións e debater arredor das seguintes preguntas:

1. Pensades que todo o que contan os medios de comunicación é certo (radio, televisión, internet, etc.)?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: non todo o que contan os medios de comunicación é certo. De feito as hoxe coñecidas como *Fake News* (noticias falsas) son un dos problemas máis relevantes das sociedades actuais. Os datos son alarmantes: un 60% dos españois cren noticias falsas.

2. Como podemos discernir entre o que é certo e o que é falso?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: podemos discernir entre o que é certo e o que é falso a través do pensamento crítico. O pensamento crítico é un proceso que se propón analizar, entender e avaliar a forma na que se organizan os coñecementos que se pretenden interpretar e representar no mundo, en particular as opinións ou afirmacións que na vida cotiá adoitan aceptarse como verdadeiras. A educación que recibimos é fundamental e determinante para poder desenvolver elementos de xuízo indispensables para extraer conclusións por nós mesmos que determinen o posicionamento ante calquera mensaxe recibido (xa sexa este persoal, profesional, informativo, académico, etc).

«A educación que recibimos é fundamental e determinante para poder desenvolver elementos de xuízo»

3. *Cousas do Kulechov* é un falso documental. Sabedes que é un falso documental?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: o falso documental é un xénero cinematográfico que se presenta como unha gravación da vida real, aínda que se produce como unha obra de ficción. Tamén son xéneros cinematográficos os seguintes: acción, ciencia ficción, comedia, drama, fantasía, melodrama, musical, romance, suspense e terror. Os xéneros cinematográficos poden clasificarse atendendo a 3 criterios: o seu estilo ou ton, a súa ambientación ou tema e o seu formato ou produción.

4. O falso documental pode ser, segundo o seu grao de reflexividade: parodia, crítica ou falsificación. A cal destas tres variantes pensades que pertence a obra *Cousas do Kulechov*?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: pertence á crítica porque trata de chamar a atención sobre a elasticidade da montaxe audiovisual e a capacidade de manipulación da información, á vez que critica fondamente a guerra como montaxe por parte dos grandes poderes.

«*Cousas do Kulechov* é un falso documental cun grao de reflexividade que se corresponde coa crítica»

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias O 'efecto Kuleshov'



O 'efecto Kuleshov' é un fenómeno da montaxe cinematográfica. Tendo en conta que a obra que acabamos de ver está baseada neste fenómeno,

1. Saberíades dicir que é 'efecto Kuleshov'?

> Momento de reflexión e debate.

> Resposta: o 'efecto Kuleshov' é un fenómeno psicolóxico descuberto no ámbito cinematográfico

de gran relevancia e que se vincula á interpretación e comprensión por parte do espectador das escenas que visualiza en base ao contexto que as rodea. Este fenómeno, introducido por Lev Kuleshov, demostra o poder subxectivo que ten a montaxe.

Concretamente, o efecto en cuestión expón que a presentación consecutiva de fragmentos de gravación implica que o espectador leva a cabo unha interpretación en conxunto, de tal forma que cada imaxe non vai ser valorada por separado senón que se vai a realizar unha integración que terá como resultado unha valoración diferente que a que tería cada unha de maneira independente.

Lev Kuleshov propoñía que o significado percibido dunha escena determinada se elabora en función da secuencia da cal forma parte, máis que da propia imaxe en si. Dito de outro modo, o efecto Kuleshov establece que o contido da escena ou cadro en si non é relevante, senón que o que provoca que teña un significado e a súa unión para con outros cadros ou escenas, de tal maneira que se xera unha corrente en forma de narrativa.

«O ‘efecto Kuleshov’ demostra o poder subxectivo que pode ter a montaxe cinematográfica»

O Volframio



2. Qué o volframio? Para que se utiliza?

> Momento de reflexión e debate.

> Resposta: no minuto 8:30 o narrador afirma que «o motivo do ataque nunca estivo demasiado claro, fálouse de galframio, un mineral cun alto poder destrutivo, abundante na composición xeolóxica dos montes e currotas galaicos...». Aínda que o galframio é un elemento

inventado, o filme fai alusión a un elemento real: o volframio. O volframio é un mineral escaso na cortiza terrestre e do que Galicia ten numerosos xacementos. Ten múltiples usos: a fabricación dos filamentos que levan as lámpadas eléctricas, as resistencias para fornos eléctricos e os contactos eléctricos para automóbil entre outros.

3. A Alemaña nazi estivo moi interesada neste metal: por que?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: trátase dun material estratéxico que estivo na lista de produtos máis cobizados dende a Segunda Guerra Mundial, na cal o volframio foi utilizado para blindar a punta dos proxectís anti-tanque e na coriza dos blindados. A adquisición de volframio converteuse nun elemento vital e indispensable para a Alemaña nazi, que o adquiría a través da España franquista.

«A Alemaña nazi adquiría o volframio a través da España franquista»

4. Coñecedes algún lugar onde haxa unha mina de volframio?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: exemplos de comarcas onde se explotou o volframio son: Barbanza, Lobios, Bergantiños e Xallas.

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Introdución para o alumnado: a obra que acabamos de ver pon a proba a elasticidade da montaxe para chegar a unha reflexión arredor da fragilidade e a veracidade do que vemos e escoitamos. Tendo isto en conta, imos a expresar as nosas opinións e debater arredor das seguintes preguntas:

1. Pensades que todo o que contan os medios de comunicación é certo (radio, televisión, internet, etc.)?

2. Como podemos discernir entre o que é certo e o que é falso?

3. *Cousas do Kulechov* é un falso documental. Sabedes o que é un falso documental?

4. O falso documental pode ser, segundo o seu grao de reflexividade: parodia, crítica ou falsificación. A cal destas tres variantes pensades que pertence a obra *Cousas do Kulechov*?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias O 'efecto Kuleshov'



O ‘efecto Kuleshov’ é un fenómeno da montaxe cinematográfica. Tendo en conta que a obra que acabamos de ver está baseada neste fenómeno,

1. Saberíades dicir que é o ‘efecto Kuleshov’?

O Volframio



No minuto 8:30 o narrador afirma que «o motivo do ataque nunca estivo demasiado claro, falouse de galframio...». Aínda que o galframio é un elemento inventado, fai alusión a un elemento real: o volframio.

2. Que é o volframio? Para que se utiliza?

3. A Alemaña nazi estivo moi interesada neste metal: por que?

4. Coñeces algún lugar onde haxa unha mina de volframio?



DEPUTACIÓN
OURENSE